

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
Documento CONY11H5	Expediente CON/54/2014	

ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo para a xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materias xestionadas polos servizos integrados na área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.

TIPO DE LICITACIÓN: 33.362,11 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 18 de decembro de 2014, ás 9:40 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª Teresa Gutiérrez López
Vocales: D./Dª Manuel Martínez Varela, representante do grupo PP.
 D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
 D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
 D./Dª. José Angel Oreiro, Director Xurídico Area de Desenvolvemento Urbano e Sostible
 D. Ana Gago, Viceinterventora Municipal.
 D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.
Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REGISTRO	NOME DO LICITADOR
1	12-12-2014	57.663	SERVALBRO, S.L.
2	13-12-2014	57.827	SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL SLU

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación a Mesa de Contratación procede á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adjudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos resultando que todos eles aportan a documentación requirida polo prego.

A mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios NON avaliados mediante cifras.

Ás 9:55 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA




O/A SECRETARIO/A DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY11H5	<i>Expediente</i> CON/54/2014	

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo para a xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materias xestionadas polos servizos integrados na área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.

TIPO DE LICITACIÓN: 33.362,11 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 15 de xanerio de 2015, ás 9:15 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª Teresa Gutiérrez López

Vocales: D./Dª. Manuel Martínez Varela, representante do grupo PP.

D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.

D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D./Dª. José Angel Oreiro, Director Xurídico Area de Desenvolvemento Urbano e Sostible

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.

D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.


A Mesa de Contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adjudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes no que se dá conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se poñen de manifesto ós presentes na reunión. Este informe acompáñase á presente acta.


Ás 9:25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA





CONCELLO DE
SANTIAGO

INFORME VALORACIÓN CON 54/2014

O director de área de D.U.S., en relación coa valoración das ofertas presentadas para o contrato de "XESTIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN EN MATERIAS XESTIONADAS POLOS SERVIZOS INTEGRADOS NA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE":

1.- Medios humanos a disposición da execución da contrata: 12 puntos.

O prego establece os seguintes criterios de valoración:

"Polo número, titulación e condicións técnicas e profesionais dos traballadores a adscribir ó servizo, ata doce (12) puntos. deberase indicar as persoas que se asignan especificamente ao contrato, e o tipo de traballo que desenvolverá cada unha delas, para o que se debe ter en conta todos os aspectos da xestión (gravación de datos; notificación, tramitación, elaboración de informes e propostas de resolución, etc)."

SELVALBRO S.L.:

12 puntos.

Este licitador oferta técnicos especialistas para cada unha das ordenanzas obxecto da contrata: arquitectos, arquitectos técnicos, licenciados en dereito, enxeñeiros industriais, especialistas medio ambiente e persoal administrativo, con indicación nominal dos mesmos, compromiso de colaboración, C.V. e especificación das materias sobre as que versa a súa especialidade.


Compromete a adicación de 8 persoas ao contrato, indicando especificamente as funcións que desenvolverán cada unha delas.

A oferta de SELVALBRO e a única que, ademais do persoal administrativo, xurídico e informático, pon a disposición da execución da contrata persoal de carácter técnico, en función da especialización requerida por cada tipo de Ordenanza.

S.C.I.:

6 puntos

Oferta un total de 6 persoas: 4 licenciados en dereito, unha responsable de diplomada en relación laborais e un administrativo (este último sen indicación nominal). Oferta un departamento de Informática ubicado en Vigo (C/Roimil 32) para "implementar el aplicativo municipal".



CONCELLO DE SANTIAGO

En canto ao persoal licenciado en dereito e a diplomada en relación laborais, de todos se afirma que teñen experiencia en procedementos de xestión tributaria, recadación, tributos e en xeral en materia de “sancionador para la administración local”, pero, ao contrario que na oferta mais valorada, non ofrece persoal con formación ou experiencia específica en temas de medio ambiente ou urbanismo.

Finalmente, non oferta persoal técnico, a pesar de que no prego se establece como obriga do adxudicatario a realización, baixo a supervisión e coordinación dos técnicos municipais, da elaboración de informes técnicos:

Neste sentido, PPT da presente contrata establece como: 6. *Elaboración e mecanización de informes xurídicos e **informes técnicos***

...

XI.- DIRECCIÓN DOS TRABALLOS.-

A Corporación nomeará as persoas que terán a condición de “directores dos traballos” e que serán as responsables da comprobación e vixilancia da realización correcta do traballo contratado. Os directores, que serán funcionarios das Concellarías de Desenvolvemento Urbano Sostible e de Facenda, actuarán en coordinación cos servizos de Urbanismo e Tesourería e terán as seguintes funcións:

*Asumir se son acustados a dereito, ou rexeitar, en caso contrario, os **informes xurídicos e técnicos elaborados polo persoal xurídico e técnico da contrata.***

2.- Medios materiais a disposición da execución da contrata: 12 puntos


O prego establece os seguintes criterios de valoración:

I.- “Pola utilización dos últimos e avanzados medios tecnolóxicos de tipo informático e telemático, encaminados a mellora da xestión, intercomunicación e control sobre os expedientes tramitados en tódalas súas fases, evitando as tradicionais funcións de arquivo manual e substituíndoas polo uso de arquivos documentais dixitalizados. (6 puntos). Deberán especificarse os medios e á súa forma aplicación ao obxecto da contrata.”

SELVALBRO S.L.:

6 puntos

S.C.I.:



CONCELLO DE SANTIAGO

6 puntos

Dacordo co informe do departamento de Innovación, os medios tecnolóxicos de tipo informático e telemático, encaminados a mellora da xestión, intercomunicación e control sobre os expedientes ofertados por ambas empresas son idóneos para cumprir o obxecto da contrata. Xuntase copia do informe.

II.- "Idoneidade da ubicación e características físicas do local para a realización das tarefas obxecto do contrato. (6 puntos): Valorarase a superficie do local ata un máximo de 150 m² de superficie bruta, a existencia e número de prazas de aparcamento público nun radio de 100 m², e a ubicación no término urbano e nas áreas de maior densidade de poboación dentro do término municipal."

SELVALBRO S.L.:

6 puntos

Local ubicado no término urbano, no barrio de maior densidade de poboación (Ensanche) e con aparcamento público de pago e gratuito. Ademais, é un local ofrecido "en exclusiva", a diferencia do local ofrecido por S.C.I., ten mais do dobre de superficie (112 m² fronte a 45 m²)

S.C.I.:

4 puntos

Local ubicado no término urbano, nunha zona de menor densidade de poboación (rúa Galeras), con abundante aparcamento público de pago, pero de inferior superficie (45 m²) e compartido con outros servizos (Tráfico).

PUNTUACIÓN TOTAL:

SELVALBRO S.L.: 24 PUNTOS (12 medios humanos + 6 medios técnicos + 6 local)

S.C.I.: 16 PUNTOS (6 medios humanos + 6 medios técnicos + 4 local)

En Santiago, a 12-1-2014

O director técnico de área de D.U.S

D. José Ángel Oreiro Romar

Exp. CON/54/2014

ASUNTO: Avaliación das ofertas para a adxudicación do servizo "Servizo de Xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materias xestionadas polos servizos integrados na área de Desenvolvemento Urbano e Sostible".

A petición do Director Técnico da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, se analizan as ofertas relativas ao Servizo de Xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materias xestionadas polos servizos integrados na área de DUS no tocante ao punto Medios materiais a disposición da execución da contrata, e concretamente ao apartado. Concretamente se valoran as ofertas nos aspectos relativos á *utilización dos últimos e avanzados medios tecnolóxicos de tipo informático e telemático, encaminados a mellora da xestión, intercomunicación e control sobre os expedientes tramitados en tódalas súas fases*

As ofertas recibidas para a avaliación son as que se indican de seguido:

- SCI
- SERVALBRO S.L.

Tras a revisión das ofertas técnicas, compróbase que todas elas cumpren as esixencias establecidas nos pregos, facendo unha descrición suficiente dos medios tecnolóxicos aportados, tanto a nivel de hardware como software e de comunicacións, así como da súa forma de aplicación ao obxecto do contrato.

Como resultado da avaliación das ofertas segundo os criterios indicados, obtéñense as seguintes puntuacións:

Empresa	Puntos
SCI	6
SERVALBRO S.L.	6

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2015


Asdo.: Fernando Suárez Lorenzo
Adxunto Xefe de Servizo de Innovación



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY11H5	<i>Expediente</i> CON/54/2014	

ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo para a xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materias xestionadas polos servizos integrados na área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.

TIPO DE LICITACIÓN: 33.362,11 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 22 de xaneiro de 2015, ás 9:30 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª Teresa Gutiérrez López
Vocales: D./Dª. María Antón, representante do grupo PP.
 D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
 D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
 D./Dª. José Angel Oreiro, Director Xurídico Area de Desenvolvemento Urbano e Sostible
 D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.
 D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.
Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten Dª Elena Valladares, en representación de SCI


Procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	Porcentaje participación Concello	Porcentaje participación Empresa licitadora
1	SERVALBRO, S.L.	75	25
2	SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL SLU	75	25


Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio.

Ás 9:50 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRAZE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA




<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY11H5	<i>Expediente</i> CON/54/2014	

ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo para a xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materias xestionadas polos servizos integrados na área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.

TIPO DE LICITACIÓN: 33.362,11 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 2 de febreiro de 2015, ás 10:28 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª Teresa Gutiérrez López

Vocals: D./Dª. Ramón Quiroga representante do grupo PP.

D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.

D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D./Dª. José Angel Oreiro, Director Xuridico Area de Desenvolvemento Urbano e Sostible

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.

D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adjudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.


Da análise do referido informe despréndese que quen acadou a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador SERVALBRO, S.L..

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar ao concelleiro delegado de Contratación o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador **SERVALBRO, S.L.**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e que oferta unha porcentaxe do 25% a aplicar sobre o importe de tódolos cobros realizados en período voluntario ou forzoso de pago, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.


Ás 10:30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**



O/A SECRETARIO/A DA MESA





**CONCELLO DE
SANTIAGO**

INFORME VALORACIÓN CON 54/2014

O director de área de D.U.S., en relación coa valoración das ofertas presentadas para o contrato de "XESTIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS EN MATERIAS XESTIONADAS POLOS SERVIZOS INTEGRADOS NA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE":

Dacorco co informe de 12/1/2015, a puntuación técnica (SOBRE B) foi a seguinte:

SELVALBRO S.L.: 24 PUNTOS (12 medios humanos + 6 medios técnicos + 6 local)

S.C.I.: 16 PUNTOS (6 medios humanos + 6 medios técnicos + 4 local)

Recibidas as ofertas relativas ao sobre C, a puntuación é a seguinte:

SELVALBRO S.L.: 26 PUNTOS (75% de recadación para o Concello / 25% para a empresa)

S.C.I.: 26 PUNTOS (75% de recadación para o Concello / 25% para a empresa)

PUNTUACIÓN TOTAL:

SELVALBRO S.L.: 24 + 26 PUNTOS = 50 puntos

S.C.I.: 16 + 26 PUNTOS = 42 puntos

Polo tanto, considerase que a oferta máis beneficiosa é a de SELVALBRO S.L.

En Santiago, a 26-1-2014

O director técnico de área de D.U.S

D. José Ángel Oreiro Romar

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY11H5	<i>Expediente</i> CON/54/2014	

ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo para a xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materias xestionadas polos servizos integrados na área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.

TIPO DE LICITACIÓN: 33.362,11 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 16 de febreiro de 2015, ás 9:00 Horas.


ASISTENTES:

Presidente: D./Dª Teresa Gutiérrez López
Vocais: D./Dª. Manuel Martínez Varela representante do grupo PP.
D./Dª. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
D./Dª. José Angel Oreiro, Director Xuridico Area de Desenvolvemento Urbano e Sostible
D.ª Ana Gago Fernández Viceinterventora xeral Municipal.
D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.
Secretaria: Dª. Rocío Montañés Fernández, xefe de servizo de contratación


Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **SERVALBRO, S.L.**, e consonte ao manifestado pola sra. Viceinterventora, consideran que a documentación aportada pola empresa para xustificar a solvencia económica non se axusta ao requerido no prego de cláusulas administrativas no seu artigo 4.2 , toda vez que soamente se aporta un informe xenérico de unha entidade bancaria e un balance de situación, polo que, de conformidade co sinalado no propio prego se acorda outorgar ao licitador o prazo de **tres días hábiles** para subsanar as deficiencias observadas , requiriéndolle a aportación dos documentos xustificativos aos que se refire o citado artigo.

Ás 9.16 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA





<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY11H5	<i>Expediente</i> CON/54/2014	

ACTA DA 6ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo para a xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materias xestionadas polos servizos integrados na área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.

TIPO DE LICITACIÓN: 33.362,11 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 19 de febreiro de 2015, ás 8:45 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª Manuel Martínez Varela

Vocais: D./Dª. Ramón Quiroga representante do grupo PP.

D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.

D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D./Dª. José Angel Oreiro, Director Xurídico Area de Desenvolvemento Urbano e Sostible

Dna. Ana Gago, Viceinterventora Municipal.

Dna. Rocío Montañés Fernández, actuando en funcións de Directora da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.


Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación requerida ao licitador proposto como adxudicatario, **SERVALBRO, S.L**, relativa a súa solvencia económica, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 8:55 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE

O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA





<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY11H5	<i>Expediente</i> CON/54/2014	

ACTA DA 7ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo para a xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materias xestionadas polos servizos integrados na área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.

TIPO DE LICITACIÓN: 33.362,11 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 23 de febreiro de 2015, ás 9:00 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª Teresa Gutiérrez López

Vocals: D./Dª. María Angeles Antón Vilasánchez, representante do grupo PP.

D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.

D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D./Dª. José Angel Oreiro, Director Xurídico Area de Desenvolvemento Urbano e Sostible

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.

D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Convócase esta reunión para poñer de manifesto ós membros da mesa que, finalizada a sesión de 19 de febreiro, e examinada de novo pola viceinterventora municipal, pola representante de asesoría xurídica e polo secretario, a documentación acreditativa da solvencia técnica do licitador proposto como adxudicatario, apréciase que non presenta os certificados de boa execución dos servizos prestados de acordo co requerido polo prego, o que non foi valorado no seu momento na correspondente reunión da mesa.

Comprobado que efectivamente faltan este certificados, e de conformidade co sinalado no prego, se acordo outorgar ó licitador o prazo de tres días hábiles para que os aporte.

Ás 9:10 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY11H5	<i>Expediente</i> CON/54/2014	

ACTA DA 8ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo para a xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materias xestionadas polos servizos integrados na área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.

TIPO DE LICITACIÓN: 33.362,11 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 5 de marzo de 2015, ás 8:45 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª Teresa Gutiérrez López
Vocais: D./Dª Manuel Martínez Valrea, representante do grupo PP.
D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D./Dª. Ignacio Soto, Director técnico Area de Desenvolvemento Urbano e Sostible
D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.
D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.
Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación requirida ao licitador proposto como adxudicatario, **SERVALBRO, S.L.** relativa a súa solvencia técnica, consideran que debe ser emitido informe polo director xurídico de DUS, na súa calidade de responsable do departamento xestor do contrato, e dado ó seu máis profundo coñecemento das condicións do mesmo, en relación á validez desta documentación e a consideración que lle merecen ós méritos alegados.

Ás 9:00 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY11H5	<i>Expediente</i> CON/54/2014	

ACTA DA 9ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo para a xestión dos expedientes sancionadores por infraccións en materias xestionadas polos servizos integrados na área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.

TIPO DE LICITACIÓN: 33.362,11 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 9 de marzo de 2015, ás 8:55 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª Teresa Gutiérrez López

Vocais: D./Dª. Manuel Martínez Varela, representante do grupo PP.

D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.

D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D./Dª. José Angel Oreiro, Director Xurídico Area de Desenvolvemento Urbano e Sostible

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.


D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de examinar o informe relativo á documentación acreditativa da solvencia técnica aportada polo licitador proposto como adxudicatario, emitido polo director xurídico de DUS, e considerando, de conformidade con él, acreditada a mesma, ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación de data 2/2/2015 a favor de **SERVALBRO, S.L.**

Ás 9:00 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**



O/A SECRETARIO/A DA MESA



INFORME SOLVENCIA TÉCNICA CON 54/2014

O director de área de D.U.S., en relación coa acreditación da solvencia técnica por parte da empresa para o contrato de “XESTIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓNS EN MATERIAS XESTIONADAS POLOS SERVIZOS INTEGRADOS NA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE” informa o seguinte:

Por parte da empresa SELVALBRO acheganse :

-Certificado de boa execución dos traballos a nome de Dna. Rocío Jarillo Domínguez expedido pola empresa ASESORES LOCALES S.L.

-Certificado de boa execución dos traballos da Alcaldesa do Concello de Marín a nome de Dna. Ibaña Conte García, relativo á dirección da oficina técnica municipal de rehabilitación.

Con respecto ao primeiro dos documentos, compre sinalar que está expedido pola empresa que en 2013-2014 executou os traballos de análogo obxecto aos que se pretende licitar no presente expediente, e que ditos traballos foron realizados á satisfacción do Concello.

Como proba do exposto podemos sinalar que todos os expedientes tramitados pola empresa Asesores Locales, e en particular por Dna. Rocío Jarillo Domínguez foron resoltos en tempo e forma, sen caducidades e sen que ningún dos devanditos expedientes fose anulado polos órganos xurisdiccionais competentes.

Con respecto ao segundo dos certificados, aínda que non se refire a tarefas similares ás do presente contrato, no mesmo faise referencia a que a Arquitecta Superior Dna. Ibaña Conte supervisaba e valoraba obras obxecto de licenza no marco dun ARI, tarefa que resulta esencial para o cumprimento do obxecto do presente contrato.

Dunha banda porque no PPT esíxese a adscripción de técnicos competentes para realizar informes nas materias obxecto do contrato, entre as que teñen especial relevancia cuantitativa e cualitativa ás sancións urbanísticas esablecidas na LOUGA 9/2002.

Doutra banda, o sistema de cuantificación das sancións establecido na LOUGA esixe un informe técnico de valoración das obras.

Art. 220 Las infracciones urbanísticas serán sancionadas de la siguiente forma:

a) Las infracciones leves, con multa de 300 a 6.000 euros y como mínimo el 2% del valor de la obra, instalación o actuación realizada.

b) Las infracciones graves, con multa de 6.001 a 60.000 euros y como mínimo el 20% del valor de la obra, terrenos, exceso de edificación o actuación realizada.

c) Las infracciones muy graves, con multa de 60.001 a 1.000.000 de euros y como mínimo el 30% del valor de las obras, terrenos, edificaciones o actuaciones realizadas

Deste xeito, sen unha valoración do importe da “obra, instalación o actuación realizada” non se podería cuantificar e por tanto impoñer unha sanción.

Na valoración do denominado “sobre b” tívose en conta esta cuestión, de xeito que a diferenza de puntuación entre as ofertas presentadas foi case idéntica nos medios informáticos e materiais, e tamén na oferta económica.

A diferenza estivo nos compromisos de adscripción do persoal técnico ao contrato, xa que se consideraba fundamental para o cumprimento do obxeto do mesmo.

O prego establece os seguintes criterios de valoración:

“Polo número, titulación e condicións técnicas e profesionais dos traballadores a adscribir ó servizo, ata doce (12) puntos. deberase indicar as persoas que se asignan especificamente ao contrato, e o tipo de traballo que desenvolverá cada unha delas, para o que se debe ter en conta todos os aspectos da xestión (gravación de datos; notificación, tramitación, elaboración de informes e propostas de resolución, etc).”

Neste sentido, PPT da presente contrata establece como:6. *Elaboración e mecanización de informes xurídicos e informes técnicos*

...

XI.- DIRECCIÓN DOS TRABALLOS.-

A Corporación nomeará as persoas que terán a condición de “directores dos traballos” e que serán as responsables da comprobación e vixilancia da realización correcta do traballo contratado. Os directores, que serán funcionarios das Concellarías de Desenvolvemento Urbano Sostible e de Facenda, actuarán en coordinación cos servizos de Urbanismo e Tesourería e terán as seguintes funcións:

...



Asumir, se son axustados a dereito, ou rexeitar, en caso contrario, os informes xurídicos e técnicos elaborados polo persoal xurídico e técnico da contrata.

Tendo en conta todo o exposto, e os compromisos de adscrición do resto do persoal técnico achegados, considérase suficientemente acreditada a solvencia técnica da empresa para levar a cabo a contrata.

En Santiago, a 6-3-2015

O director xurídico de área de D.U.S

D. José Ángel Oreiro Romar